

Resolución da Dirección Xeral de Inclusión Social pola que se ditan instrucións en relación a execución das actividades subvencionadas polas ordes de axudas de inclusión dirixidas a entidades de iniciativa social e a corporacións locais.

O 14 de marzo de 2020, en virtude do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Por Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, déuselle publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19.

O punto sétimo deste acordo sinala que se suspenden os termos e os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reiniciarase no momento en que perda vixencia o presente acordo ou, se é o caso, as prórrogas deste.

Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Cada consellería ou centro directivo poderá ditar as instrucións oportunas en desenvolvemento do presente acordo ou adaptalo ás particularidades dos distintos colectivos afectados.

A Consellería de Política Social a través da dirección xeral de Inclusión Social xestiona varias convocatorias de axudas que están actualmente resoltas e polo tanto dentro do período de execución das actuacións que se subvencionan.

Estamos a referirnos en concreto as seguintes ordes:

- ORDE do 13 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2018, 2019 e 2020 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020).
- ORDE do 6 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019 a 2021 (cofinanciada polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020) (código de procedemento BS623C).



A preocupación e incertidume que nos trasladan as entidades beneficiarias ante esta situación extraordinaria, fai necesario que se diten instrucións para que o desenvolvemento das actuacións se preste nas mellores condicións para os traballadores e para os destinatarios finais das mesmas.

Polo tanto, e tendo en conta o disposto no artigo 5 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 (BOE 18.03.2020), así como o Protocolo conxunto da Consellería de Política Social e da Consellería de Sanidade para os centros de servizos sociais como consecuencia da situación e evolución do coronavirus (Covid-19),

RESOLVO

Primeiro: Aquelas actuacións/prestacións que se subvencionan ao abeiro das distintas ordes citadas máis arriba, tales como servizos de apoio á inclusión, formación adaptada, mediación intercultural, asesoramento técnico especializado en estranxeiría, reforzo educativo, participación social, dinamización comunitaria en territorios en exclusión e educación familiar, **seguirán prestándose**, sempre que sexa posible a súa implementación por mecanismos alternativos, particularmente por medio do traballo a distancia. **Se non fora posible, procederase a suspensión da actividade** e reanudarase una vez cese o estado de alarma. Neste caso **ampliase o período subvencionable o mesmo tempo que dure a suspensión**. En todo caso o servizo de conciliación quedará suspendido ante a imposibilidade da súa prestación de xeito distinto ao presencial.

Segundo: Naqueles casos en que as actuacións se leven a cabo a través de medios telemáticos, na documentación xustificativa das axudas substituiranse as firmas dos usuarios polo resumo das horas realizadas, suscrito pola entidade e o traballador, manténdose a obriga de rexistro na aplicación de inclusión, no caso de que así estivera establecido.

Terceiro: No caso das axudas para funcionamento de centros (4.1a) e actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios básicos (4.1 b)1º), financiadas pola Orde de 13 de xuño de 2018, tendo en conta que continúan a desenvolverse neste período de alarma, **mantense o período subvencionable inicial**. No caso das axudas para o funcionamento dos comedores sociais a relación do número de persoas que foron atendidas cada día poderase substituír por unha declaración responsable da entidade na que relacionen as bolsas de comida que dispensaron cada día directamente no comedor, para levar a domicilio ou ben a través dos servizos sociais do concello.

Cuarto: En calquera caso, o prazo máximo para presentar a documentación xustificativa, ampliarase polo mesmo tempo que dure o estado de alarma.

Santiago,

O director xeral de Inclusión Social

Arturo Parrado Puente

